Ourense 7 do Antroido do 1969

Sr. Dr. Antonio Fráguas e Fráguas

Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo: Ainda cheo de frío polas siberianas xiadas distes días sinto o rexo e xeneroso calor de amizade o lêer na información, como todalas suas ben alicerzada do derradeiro número de C. de E. G. as gabanzas adicadas as miñas ben cativas remembranzas do vivir intelectual do Ourense do XIX. Púdeno ter feito de abondo millor. É un artigo vello, de cál xa non me acordabe por telo enviado fai moito. Graciñas. Vde dixase enmorar polo vello amigo que anda arrentes dos 81 e xa comeza a sentir mais de cerca os pasos caladiños e seguros de amante fidelísima. Ela comigo, polo menos, é cortés. Y-cá estóulle tamén agradecido.

Estóu rematando unha síntesis do XVIII galego pra "Galaxia". Penso ser libro necesario. E pra "Obradoiro" o texto sobre Ourense. Wil van algunhas notas que habían de campar ben

no traballo por Vde gabado. E se non puxeron por preguiza.

Xa teño desexos ben fortes de dar unha volta polas Necas e falar con Vdes.

Cordero Carrete tivo a bondade que me mandar o retrinco da información de Vde.

Saudos de Fita pra Vdes dous, os meus a Teresa (b.s.s. p.p.).

Sempre vello amigo con fortes apertas,

Ramon Otero Pedrayo